



EMPREGO, A TODA COSTA?

Hoxe celebramos, o XIV Encontro Galego de Participación de persoas en situación de pobreza e exclusión. Traballamos elaborando propostas políticas de mellora, porque queremos que as administracións nos escoiten e estean de verdade ao servizo das persoas.

O emprego é un pilar fundamental para evitar a pobreza e a exclusión; pero se ben isto é certo, hai dúas cousas que non podemos esquecer. A primeira, que non podemos falar dun emprego a toda costa. É dicir, da obrigatoriedade de aceptar un emprego no que non se respecten as condicións salariais, os horarios, as normas que favorecen a compatibilidade, ou calquera outro aspecto que supoña o incumprimento das normas establecidas. O emprego debe ser digno, cumprindo as condicións sinaladas pola lei, respectando os dereitos das persoas e con unha remuneración que permita atender as necesidades vitais das persoas. A segunda cousa que non debemos esquecer, é que hai persoas que non poden traballar e que o feito de non ter un emprego non pode ser unha causa de exclusión da sociedade. Cada persoa ten un valor por si mesma, é un membro de pleno dereito nela independentemente do emprego.

Nos casos de falta de emprego é un dereito das persoas o acceso a ferramentas de protección social, que garantan ás persoas unha vida digna. Rendas ou prestacións que permitan a inclusión social e laboral das persoas, sen estigmatizalas polo feito de percibir unha axuda ou non ter emprego.


A necesidade de conciliación ou flexibilidade para o coidado de menores ou persoas dependentes, a posibilidade de compatibilizar unha renda mínima co traballo para poder realizar unha inclusión laboral, a discriminación no acceso ao traballo, as trabas burocráticas para acadar unha renda ou un emprego ou obter os permisos de residencia en España, as persoas que non poden traballar ou que necesitan unhas condicións

Organiza



Colaboran





Encontro de Participación Social para a elaboración de propostas políticas

6 de xuño Santiago de Compostela

Emprego, a toda costa?

especiais para poder facelo, a precariedade das condicións laborais, os discursos que culpabilizan ás persoas por non traballar ou consideran que as rendas que perciben son excesivas... estas e moitas outras cousas fan necesario facer unha reflexión sobre o emprego na actualidade.

Baixo o lema: ***Emprego, a toda costa?***, reclamamos o seguinte:

- 1.- Impulsar medidas de inclusión sociolaboral que proporcionen oportunidades de acceso a un emprego para persoas de calquera tramo de idade, especialmente mozos/as e persoas de idade avanzada, teñan ou non experiencia.
- 2.-. Establecer políticas de inclusión laboral onde se potencien e se incrementen as posibilidades de acceso ao mercado laboral e ofrecer un emprego público e estable para colectivos vulnerables.
- 3.-. Complementar as rendas mínimas co emprego para facilitar o acceso ao mercado laboral, fomentando a estabilidade económica, laboral, persoal, social e psicolóxica de todas as persoas.
- 4.-. Asegurar o adecuado funcionamento das prestacións sociais e rendas mínimas, mediante a súa axilización e eficiencia na tramitación, para que as persoas non se queden durante un período de tempo sen percibir ningún ingreso.

Organiza



Colaboran



@EAPNGalicia
www.pobreza.gal